

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 30 de decembro de 2022 polo que se someten ao trámite de información pública o proxecto de trazado de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG) nas rutas de acceso polo oeste á cidade de Pontevedra, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration EU, de clave PO/22/060.06; así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

Mediante a Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas do 19 de decembro de 2022 realizouse a aprobación técnica previa do trazado do proxecto de mobilidade sustentable de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG (Rede autonómica de estradas de Galicia) nas rutas de acceso polo oeste á cidade de Pontevedra, de clave PO/22/060.06, nos concellos de Sanxenxo, Cambados, Meis, O Grove e Meaño (Pontevedra), que se tramitará segundo o disposto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

Primeiro. Someter ao trámite de información pública o proxecto de trazado de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG nas rutas de acceso polo oeste á cidade de Pontevedra, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU, de clave PO/22/060.06, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular, por escrito dirixido á Axencia Galega de Infraestruturas, as alegacións que crean convenientes relativas á concepción global da actuación e das distintas alternativas analizadas, de ser o caso, de acordo co disposto no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Segundo. Someter ao tramite de información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto, descritos na relación anexa, para que



calquera persoa poida achegar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros da relación publicada ou opoñerse, por razóns de fondo ou forma, á necesidade da ocupación. Neste caso, indicará os motivos polos que se deba considerar preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos e non comprendidos na relación, como máis conveniente ao fin que se persegue, de acordo co disposto nos artigos 17, 18 e 19 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.

Terceiro. Do mesmo xeito, sométese o presente proxecto a información pública para os efectos do establecido no Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, en relación coa protección do dominio público hidráulico e coas actuacións neste ou na súa zona de policía.

Cuarto. O prazo para presentar alegacións será de trinta (30) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

A documentación que compón o proxecto estará á disposición da cidadanía na sede central da Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avenida M^a Victoria Moreno, 43-1^o, 36071 Pontevedra) e nas casas dos concellos de Sanxenxo, Cambados, Meis, O Grove e Meaño.

Así mesmo, estará dispoñible na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade: <https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/transparencia/procedementos-informacion-publica/estudos-proxectos>, a seguinte documentación:

- A documentación íntegra do proxecto.
- Un extracto do documento cos obxectivos, localización e descrición da actuación.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2022

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO

**Relación de bens, dereitos e propietarios afectados
Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG nas rutas de acceso polo oeste
á cidade de Pontevedra
Clave: PO/22/060.06
Concellos de Sanxenxo, Cambados, Meis, O Grove e Meaño**

Nº de predio	Concello	Ref. catastral	Polígono	Parcela	Nome	NIF Codificado	Clase de solo (catastro)	Clasificación urbanística	Situación básica do solo (RDL 7/2015)	Superficie a expropiar (m²)	Superficie ocupación temporal (m²)	Cantidade	Ud.	Descrición
1	Sanxenxo	7842814NG1974S	78428	14	José Mato Posse	***836***	Solo sen edificar	Urbano	Urbanizado	20	42			
2	Sanxenxo	36051A03000498	030	498	Cdad. Prop. de Montes en Man Común de Noalla	V-36149896	Agrario (pastos)	Rústico	Urbanizado	63				
3	O Grove	1335824NH1013N	13358	24	Manuel Fernández Conce	***811***	Solo sen edificar	Urbano	Urbanizado	2				
					Margarita María Lores Martínez	***174**								
4	O Grove	1335825NH1013N	13358	25	Manuel Fernández Conce	***811***	Solo sen edificar	Urbano	Urbanizado	17	38			
5	O Grove	1335826NH1013N	13358	26	María Sonia Agrelo Lores	***334***	Solo sen edificar	Urbano	Urbanizado	13				
					Juan García Cardalda	***403***								
6	O Grove	36022A02701019	027	1019	Comunidade de Montes Parroquia San Vicente O Grove	V-36170611	Agrario (labor o labradío secaño)	Rústico	Rural	13				
7	Meis	36028A31416026	314	16026	Esther Barral Ucha	***540***	Industrial	Urbano	Urbanizado	10				
					Hdros. de Manuel Núñez Buceta	***440***								
8	Meis	36028A31416028	314	16028	Edelmiro Guzmán Guimil	***495***	Comercial	Urbano	Urbanizado	4				
					María Dolores Arosa Outeda	***495***								





Nº de predio	Concello	Ref. catastral	Polígono	Parcela	Nome	NIF Codificado	Clase de solo (catastro)	Clasificación urbanística	Situación básica do solo (RDL 7/2015)	Superficie a expropiar (m²)	Superficie ocupación temporal (m²)	Cantidade	Ud.	Descrición
9	Meis	36028A31500176	315	176	Amparo Guimil Diz	***443***	Solo sen edificar	Urbano	Urbanizado		27			
10	Meis	36028A31600182	316	182	En investigación	-	Agrario (labor o labradío secoano)	Rústico	Rural	4				
11	Meis	36028C51501613	515	1613	María Lourdes Sabaris Beloso	***443***	Agrario (labor o labradío secoano)	Rústico	Urbanizado	10				
12	Meis	36028C51501618	515	1618	Montes Gil y de la Fuente, S.L.	B-15435936	Ocio, hostelería	Rústico	Urbanizado	17				
13	Meis	36028C51501673	515	1673	Luz Divina Arcos Somoza	***297***	Agrario (matogueira)	Rústico	Rural	3				
14	Meis	36028C51501674	515	1674	Ramón Martínez Casal	***858***	Agrario (matogueira)	Rústico	Rural	10				
15	Meis	36028C51001115	510	1115	Hdros. de Manuel Silva Costoya	***540***	Agrario (labor o labradío secoano)	Rústico	Urbanizado	24		17	ml	Muro de pedra
16	Meis	36028C50300353	503	353	José Antonio Giráldez Roma	***341***	Solo sen edificar	Urbano	Urbanizado	12		8	ml	Muro de bloque de formigón e malla metálica
17	Cambados	6352204NH1065S	63522	04	Manuel Varela Durán	***873***	Residencial	Urbano	Urbanizado	22				
18	Cambados	36006A03101251	31	1251	Ramiro Lobato	-	Agrario (labor o labradío secoano)	Rústico	Urbanizado	20	56			
19	Sanxenxo	3691708NG1939S	36917	08	Concello de Sanxenxo	***051***	Industrial	Urbano	Urbanizado	96				